

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR EN RELACIÓN CO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO EN PROPIEDADE POLO PROCEDIMENTO ORDINARIO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE DUNHA (1) PRAZA DE CATEGORÍA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (GRUPO A) (SUBGRUPO A1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA DO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).

EXPEDIENTE: 1787/2022.

Con data 18 de agosto de 2023 e sendo as 10.00 horas, reúnese de xeito telemático o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de Técnico da Administración Xeral do Concello de Lalín, pertencente ao subgrupo A1, como funcionario/a de carreira baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; e coa asistencia dos vogais: Don Antonio Santos Guerra, Dona María del Carmen Méijome Álvarez e Dona Isabel Areán González; actuando como Secretario, Don Román Pérez García, **quen dá fe do acto.**

Enténdese constituído o tribunal.

PRIMEIRO.- Bases da convocatoria.

Na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 20 de decembro de 2022, procedeuse á aprobación das bases reguladoras do proceso de selección para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre dunha (1) praza de categoría de Técnico de Administración Xeral (grupo A) (subgrupo A1) da escala de Administración xeral, subescala técnica do Concello de Lalín.

SEGUNDO.- Actas do Tribunal.

Con data 31/05/2023 publicouse a acta emitida por este Tribunal en relación cós resultados da segunda proba deste proceso selectivo. En relación con dita acta non se presentaron alegacións.



TERCEIRO.- Terceiro exercicio.

De acordo coa base XI das que regulan o proceso selectivo en cuestión, o **Terceiro exercicio:** “Consistirá en resolver, nun tempo máximo de 120 minutos, un suposto práctico, a elixir entre dous propostos polo Tribunal, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario anexo. O enunciado dos supostos será elaborado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. Para a realización deste exercicio as persoas aspirantes poderán facer uso de textos legais, en soporte papel, non comentados. Os membros do Tribunal poderán revisar esta documentación. Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos. O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases. Este exercicio será cualificado cun máximo de 40 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 26 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. As persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa resolución do exercicio.”

Por ende este Tribunal determinou que a terceira proba consistise en resolver un suposto práctico relativo ao temario correspondente ao Anexo I, parte específica, a elixir entre dous supostos a determinar polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Para a realización deste exercicio as persoas aspirantes puideron facer uso de textos legais, en soporte papel, non comentados.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 40 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 26 puntos.

O tempo para a realización do presente exercicio foi de 90 minutos.

CUARTO.- Corrección da Proba.

Con posterioridade á finalización da terceira proba, os membros do tribunal proceden á corrección da mesma.

As puntuacións acadadas pola única aspirante nesta proba, son as seguintes:

Nome e Apelidos	DNI	Puntuación
María Brea Mella	***0692**	30 puntos.



En relación con dita proba, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas no prazo de **cinco días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte á publicación desta Acta na páxina web e na sede electrónica deste Concello de Lalín.

QUINTO.- Coñecemento da Lingua Galega.

Esta aspirante estaría exenta da realización do cuarto exercicio correspondente ao coñecemento da lingua galega por estar en posesión por estar en posesión do Celga 4.

SEXTO.- Finalización da Sesión.

Ás 11:30 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

